

SERVIZO DE INFORMACIÓN

Paula Carballeira

Mención especial

PERSONAXES

ALBERTE
CONTESTADOR

LUÍSA
XOCAS
SILVIA

Escena 1

CONTESTADOR AUTOMÁTICO, ALBERTE

Soa unha canción das que non pasan de moda. Escóitase ao lonxe, en malas condicións. Cando remata, comeza de novo.

ALBERTE: Non aturo que me fagan esperar escoitando isto.
É para tolear de vez.

Unha voz interrompe a música.

CONTESTADOR: Está vostede chamando ao servizo de información.

ALBERTE: Xa sei a onde estou chamando. Sei perfectamente a onde estou chamando.

CONTESTADOR: ...prema 1; para coñecer as nosas tarifas, prema 2; para...

ALBERTE: Quero falar cunha persoa!

CONTESTADOR: ...prema 3; para...

ALBERTE: Unha persoa de verdade!

CONTESTADOR: ...Se quere falar cun dos nosos operadores, permaneza á escoita...

ALBERTE: Operadora, a poder ser.

CONTESTADOR: Temos un novo servizo de perdas e roubos...

ALBERTE: Non me diga? Tamén prestan esa clase de servizos?

CONTESTADOR: ...inmediatamente...

ALBERTE: Pero se non coñecen o significado desa palabra.

CONTESTADOR: Para acceder a queixas e reclamacións...

ALBERTE: Non me tente.

CONTESTADOR: ...en horario de oito a catorce horas, de luns a venres...

ALBERTE: Nin sequera podes reclamar cando che apeteza.

CONTESTADOR: ...será atendido en breves momentos. Permaneza á escoita.

ALBERTE: Que relativa é a brevedade! Aínda ben que eu teño tempo, todo o tempo do mundo.

Escena 2

LUISA, ALBERTE

Escóitanse dedos premendo compulsivamente teclados de ordenador.

LUISA: *(Cun ton automático)* Información, dígame? Aténdelle Luisa Fernández.

ALBERTE: Encantado, Luisa.

LUISA: En que lle podo axudar?

ALBERTE: Chámome Alberte.

LUISA: Si?

ALBERTE: Alberte Vidal.

LUISA: Si?

ALBERTE: Quería atopar un amigo.

LUISA: Sabe o seu nome e apelidos?

ALBERTE: É o meu amigo, Luisa, seille o nome, non llo vou saber?, e sei de que cor ten o pelo, e que coxea algo da perna dereita por un accidente que tivo cando volvía de recoller a súa sobriña da estación. Aínda ben que á rapaza non lle pasou nada, porque el xa tiña sona abondo de irresponsable como para que...

LUISA: *(Impaciente)* Como se chama?

ALBERTE: A sobriña? Non sei. Coido que el me dixo algunha vez como se chamaba, pero debino esquecer. Sabías que co paso do tempo, a memoria selecciona as lembranzas que a cada persoa lle parecen máis importantes?

LUISA: (*Máis impaciente*) O seu amigo, señor Vidal, como se chama o seu amigo?

ALBERTE: Non me digas señor, Luisa, que xa nos presentamos.

LUISA: (*Conténdose*) ... Alberte... como se chama o seu amigo?

ALBERTE: E non me trates de vostede, por favor, que non son tan vello.

LUISA: (*Despois dunha pausa*) ...Alberte... serías tan amable de dicirme como se chama o teu amigo?

ALBERTE: Moi ben, moi ben, así é outra cousa. Ves o pouco que custa facer que alguén se sinta cómodo para falar a gusto?

LUISA: Desculpa, Alberte, pero eu non estou aquí para que fales a gusto. Este é un servizo de información. O meu traballo é informarte.

ALBERTE: Pois infórmame, Luisa. Infórmame de onde se agocha o cabrón do meu amigo, que marchou sen despedirse. Infórmame de onde podo atopalo para ver que cara pon ao verme. Infórmame de por que fixo o que fixo, despois de todo.

Silencio.

LUISA: Ao mellor... se me dis como se chama o teu amigo.

ALBERTE: Sabes que, Luisa? Se cadra non quero dicirche o

seu nome agora mesmo, senón un pouco máis tarde, para que poidamos seguir falando. É un pracer falar contigo, por exemplo. É un pracer falar cunha persoa.

LUISA: Señor vidal... Alberte..., se non me dis o seu nome, vou ter que cortar a comunicación.

ALBERTE: Volverei chamar.

LUISA: Atenderá outra persoa diferente.

ALBERTE: Probarei con esa persoa, e seguirei chamando ata atopar alguén con paciencia abonda para escoitarme e darme despois o número de teléfono do meu amigo.

LUISA: E por que non falas directamente con el?

ALBERTE: Hai cousas que non se lle poden dicir directamente a un amigo. Serían recriminacións.

LUISA: Canto tempo hai que non vos vedes?

ALBERTE: Moito. Coido que ten medo de min.

LUISA: Por que?

ALBERTE: Interésache, Luisa? Xa non me preguntas como se chama? Xa deixaches de ser o servizo de información?

LUISA: Ti empezaches e, total, dentro de nada acabo o meu turno.

ALBERTE: Eu nunca lle faría mal ao meu amigo. Os amigos son para divertirse xuntos, para coidarse, para escoitarse. Non cres, Luisa?

LUISA: Si, pero...

ALBERTE: (*De súpeto irascible*) Non hai «peros», Luisa! Tampouco é tan difícil botarlle unha man a un amigo! Non creo que custe tanto, e máis cando a vida do

teu amigo depende desa man! Deixoume caer, oíches? Só tiña que darme a man para subirme, tirar de min, e o moi cabrón quedou paralizado.

«Dáme a man, Xocas, polo que máis queiras, dáme a man!», berraba eu. Estábame vendo esmagado contra o chan. A esa altura o mínimo que che pode pasar é que tronces as pernas, e eu non podía máis. A saber que lle pasou pola cabeza ao Xocas para non agarrarme. Nin sequera fixo un aceno de axuda. Nada. Podes entendelo, Luisa?

LUISA: (*Intimidada*) Non sei, Alberte, habería que estar alí.

ALBERTE: Eu estaba, e Xocas tamén, pero despois de que eu caese, Xocas deu media volta e liscou. Eu non puiden liscar. Eu esmagueime contra o chan.

LUISA: (*Despois dunha pausa*) E... que che pasou?

ALBERTE: Fóiseme a vida. Quitaron o meu corpo e levárono a enterrar, aínda que eu sempre me vexo alí, contra o chan, cos ollos moi abertos, esperando a que Xocas me botase unha man.

Silencio.

ALBERTE: Xaquín López Taboada, ese é o seu nome. E sabes unha cousa, Luisa? En realidade non preciso o seu teléfono. O que eu quería era chamar ao servizo de información para informar de que a miña morte foi accidental ata certo punto, e de que eu non descanso en paz porque Xocas non me deu a man cando lla pedín. Iso non se lle fai a un amigo.

Córtase a comunicación.

LUISA: Señor Vidal? Alberte? E agora que fago eu con todo o que me dixeches?

Escena 3

XOCAS, LUÍSA

Sinais de chamada.

XOCAS: Si?

LUISA: O señor Xaquín López Taboada?

XOCAS: Si, son eu.

LUISA: Chámolle do servizo de información...

XOCAS: Desculpa, nena, pero este non é un bo momento.
Por que non chamas máis tarde?

LUISA: É de parte dun amigo seu... Alberte Vidal.

Pausa. O home respira con forza.

LUISA: Señor López Taboada?

XOCAS: Si.

LUISA: O seu amigo Alberte Vidal quere poñerse en contacto con vostede.

XOCAS: Iso é imposible.

LUISA: Non, señor, eu mesma falei con el.

XOCAS: Perdoe... cal é o seu nome?

LUISA: Luisa Fernández.

XOCAS: A ver, Luisa Fernández, cando falou con Alberte?

LUISA: Onte mesmo.

XOCAS: Está de coña.

LUISA: Non, non, en absoluto. Alberte chamou ao servizo de información para preguntar por vostede.

XOCAS: *(Elevando o ton)* Dígolle que é imposible!

LUISA: Pídlle por favor que non me berre, non vai ser máis imposible por moito que levante a voz.

XOCAS: O que é imposible é imposible, e punto!

LUISA: Será, pero o seu amigo anda algo molesto porque vostede non lle botou unha man cando máis o necesitaba.

XOCAS: *(Despois dunha pausa)* Díxolle iso?

LUISA: Dixo, si, ademais de que vostede coxeaba da perna dereita por un accidente que tivo ao volver da estación.

XOCAS: Xa non coxoo. Opereime.

LUISA: Parabéns.

XOCAS: Quen é vostede en realidade?

LUISA: Luisa Fernández, do servizo de información.

XOCAS: Coñecemos de algo?, fixenlle algunha cousa que non lembro?

LUISA: Non, señor, non nos coñecemos de nada, polo tanto, non creo que me fixera directamente ningún mal.

XOCAS: Daquela, por que me chama?

LUISA: Repítlle que son do servizo de información. O meu deber é informarlle de que o seu amigo quere poñerse en contacto con vostede porque, ao parecer, lle garda un pouco de xenreira.

XOCAS: Xenreira?

LUISA: Non é de estrañar, non lle parece? Só tiña que botarlle unha man.

XOCAS: Pero que saberá vostede? Había que estar alí, oíu? Hai que ter un accidente para comprendelo. Un verdadeiro accidente. Só cando pensas que estás morto e abres os ollos para comprobar que estás vivo podes sentir algo semellante. Alberte saíu disparado e eu quedei no coche, tan tranquilo. Nin sequera un rabuñazo. Saín buscalo, amodo, movendo os brazos e as pernas, feliz de que nada estivese quebrado. El xa estaba moi mal, tiña a cara chea de sangue. Empeñábase en agarrarse ás pedras para non caer polo barranco abaixo, pero xa estaba moi mal.

LUISA: Pediulle axuda.

XOCAS: Pedíume a man. Dixo: «Dáme a man, Xocas, dáme a man». Eu non souben que facer.

LUISA: Darlla.

XOCAS: Falar é moi doado, o difícil é estar alí. Era o meu segundo accidente grande, grande de verdade. E, mire por onde, se no primeiro quedei coxo, no segundo... nada, nin un corte superficial. Iso debe significar algo, non?

LUISA: Que ben podía axudar a Alberte.

XOCAS: Alberte, si. Alberte. Que me vas dicir ti, Luisa Fernández, que eu non me dixera? Vin como enterraron a Alberte, pero eu sei que vive comigo. El non quere localizarme, sabe moi ben onde estou.

LUISA: Se cadra, o que Alberte quere é que eu o localice a vostede.

Son de freada brusca, de toques de bucina, de choque, de cristais, de golpes.

LUISA: Xaquín?... Xaquín?... Infórmolle que conducir atendendo o móbil pode ter consecuencias dramáticas. Non só graves lesións físicas, senón tamén posibles sancións económicas e perda de puntos do carné.

Segue soando unha bucina. Máis freadas. Escóitanse voces confusas.

LUISA: Para a súa tranquilidade, comunícolle que esta chamada non ten ningún obxectivo comercial, senón meramente informativo. Por precaución, evite o uso do móbil no seu vehículo, a non ser que teña un dispositivo de mans libres. Que parvada, non, Xaquín?, se vostede tivese as mans libres non dubidaría en ofrecerllas a un amigo. Que pase un bo día.

Córtase a comunicación.

Escena 4

CONTESTADOR AUTOMÁTICO

Soa a mesma música que na escena I.

CONTESTADOR: Está vostede chamando ao servizo de información. En breves momentos poderemos atendelo; mentres, teño o pracer de comunicarlle que a nosa atención é permanente as vinte e catro horas do día, os sete días da semana, todas as semanas do ano, por se nalgún momento lle xurde a necesidade de saber de calquera cousa. Ademais, queremos ampliar a nosa base de datos e, polo tanto, pedimos a súa colaboración. Non garde as informacións das que dispoña. Comuníqueas. Inmediatamente serán recibidas e arquivadas para compartilas. Só pola súa amabilidade, vostede pode ser o gañador dunha viaxe a calquera territorio inexplorado do planeta para que a súa información, e a nosa, sexa cada vez máis completa. Lémbrolle que este servizo non é de balde, pero que coa súa contribución, cada vez quedan menos lagoas de coñecemento. De por si, isto xa é unha recompensa. Parabéns por contribuir á extinción da ignorancia e a que o noso servizo vaia resultado imprescindible.

Escena 5

SILVIA, XOCAS

Despois dunha música de espera, escóitanse dedos premendo compulsivamente teclados de ordenador.

SILVIA: *(Cun ton automático)* Información, dígame? Aténdelle Silvia Vázquez.

XOCAS: *(A súa voz escóitase lonxe, como ao final dun túnel)* Bon día, quixera falar con Luisa Fernández.

SILVIA: Desculpe, señor, pode falar máis alto?

XOCAS: Perdón, debe ser cousa do mans libres. *(Barullo de movementos torpes)* Que tal agora?

SILVIA: Moito mellor.

XOCAS: É que non me afago ao trebello este.

SILVIA: Xa. En que podo axudarlle?

XOCAS: Quería falar con Luisa Fernández.

SILVIA: Síntoo moito, señor, este é un servizo de información. Eu só podo facilitarlle un número de teléfono que solicite ou un enderezo que corresponda ao número de teléfono que vostede me diga sempre que o titular estea rexistrado.

XOCAS: Pero é que Luisa Fernández tamén traballa no servizo de información.

SILVIA: Moita xente traballa no servizo de información.
Dá a casualidade que fun eu quen recibiu a súa chamada e o meu nome é Silvia Vázquez.

XOCAS: Xa sei como se chama, pero eu non quero falar con vostede.

SILVIA: Daquela, grazas pola súa chamada.

XOCAS: (*Interrómpea*) Si!, si que quero falar con vostede!
Quero pedirlle un número de teléfono!

SILVIA: Sabe o nome e apelidos do titular ou o nome da empresa?

XOCAS: Fernández. Luisa Fernández.

Despois dunha pausa e dun salaio, escóitanse os dedos de Silvia premendo teclas no ordenador.

SILVIA: Na nosa base de datos hai rexistradas 246.795 titulares que responden a ese nome. Quere facer unha selección por provincia ou por cidade?

XOCAS: O que quero é falar con Luisa Fernández, a súa compañeira, e non me diga que traballa con 246.000 Luisas Fernández. Non sei onde vive, qué carallo, se nin sequera sei como é. Só sei que se chama Luisa Fernández e que traballa no servizo de información.

SILVIA: Iso non abonda, señor.

XOCAS: Silvia.

SILVIA: Diga.

XOCAS: Vostede non será unha máquina, non?

SILVIA: Non.

XOCAS: Está segura?

SILVIA: Totalmente.

XOCAS: Moi ben. Daquela, vai axudarme?

SILVIA: Estou aquí para iso.

XOCAS: E como podo facer para falar con Luisa Fernández?

SILVIA: (*Despois dunha pausa*) O único que se me ocorre é que volva chamar as veces que faga falta ata dar con ela. Pódelle saír caro, pero vostede manifesta un verdadeiro interese por atopala e esa clase de interese non entende de cartos.

XOCAS: (*Remedándoa, con retranca*) Non lle vou negar, Silvia, que esa idea xa se me pasou pola cabeza, aínda que, ademais de que as chamadas ao servizo de información me deixarían sen pensión de invalidez, resulta que non me resulta nada doado marcar os números no teléfono, polo menos de momento. Tiven un accidente, sabe? Quedei inútil da man dereita.

SILVIA: Síntoo moito.

XOCAS: Xa sei que non o sente, por que ía sentilo? Vostede non me coñece de nada. Se o sentise, buscaría a Luisa Fernández para que falase con ela, porque ela si que me coñecía, non sei por que. Vaia, si que sei por que, seica a chamou un amigo meu desde o Máis Alá. Non lle resulta absurdo?

SILVIA: Si... verá... o absurdo...

XOCAS: (*Interrompéndoa*) Polo que parece, vostedes si que poden chamar a alguén para pedirle explicacións, por que non ía facer eu o mesmo?

SILVIA: Para esa clase de reclamacións pode chamar vostede ao noso servizo gratuito con só marcar o 0029.

XOCAS: Nin sequera podo coller un bolígrafo para anotar o número. Decátaste, Silvia? Quedei inútil da man

dereita. Por vinganza. Eu non lle dei a man a Albete cando ma pediu e el quitouma en canto puido, en canto me localizou, en canto Luisa me localizou.

SILVIA: Mire, señor, vou ter que cortar a chamada.

XOCAS: Fai o que queiras. Se teño que chamar, seguirei chamando ata dar con ela.

SILVIA: Déixeme que lle diga, señor, que hai unha oferta de chamadas a baixo custo para servizos de información. O número que debe marcar para solicitala é o 0028. Ten algunha outra consulta?

XOCAS: Si, por favor, gustaríame saber cal é o número de teléfono da Santa Compañía? É para localizar a un amigo: Alberte Vidal. Se cadra Luisa Fernández anda de xolda con el.

SILVIA: Lamento comunicarlle que o número solicitado non existe.

XOCAS: Proba con Estadea, Estántiga, Defuntos S.A.

SILVIA: Grazas por utilizar o servizo de información. Que teña un bo día.

XOCAS: Non me deixes así, Silvia.

Córtase a comunicación.

Escena 6

LUÍSA, SILVIA

Entre os tons de chamada dun teléfono, intercálase unha canción de moda, para facer que a espera de quen agarda a comunicación sexa algo máis agradable, ou máis desesperante, dependendo da canción e dos gustos de cadaquén.

LUISA: Si?

SILVIA: Ola, Luisa, son Silvia, do servizo de información.

LUISA: Ola, Silvia! Non tiña o número do teu móbil gravado.

SILVIA: Normal, debe ser a primeira vez que te chamo por un asunto privado.

LUISA: E logo? Pasou algo?

SILVIA: Pois ti saberás, hai un tipo que chama ao servizo de información só para preguntar por ti.

LUISA: Por min?

SILVIA: E por un amigo morto, un tal Alberte.

LUISA: *(Despois dunha pausa)* Díxoches o seu nome?

SILVIA: Pois... non... agora que o penso. Se cadra deullo a algún compañeiro cos que falou, pero a min non.

LUISA: Non me digas que falou con máis compañeiros.

SILVIA: Practicamente con todos, nena, débenlle quedar Miguel e Sandra, e porque eses dous tampouco é que recollan moitas chamadas.

LUISA: Mira Silvia, fan ben. Nun traballo coma o noso, se non falas coa xente, vólveste máquina.

Silvia queda calada.

LUISA: Silvia?

SILVIA: O home aquel preguntoume se era unha máquina.

LUISA: Que home?

SILVIA: O do accidente, muller, o que ten a man inútil, ese que só vive para saber de ti.

LUISA: Non tiña nin idea de que lle quedara unha man morta.

SILVIA: A dereita, e el non era zurdo.

LUISA: Inda ben que o que lle morreu foi a man e non o corpo.

SILVIA: Ti pensas que eu son unha máquina?

LUISA: Por suposto que non.

SILVIA: Eu, ás veces, pénsoo. Vou como unha máquina a traballar, traballo coma unha máquina e volvo a casa máis máquina do que saín. Iso é ser unha máquina.

LUISA: Pois ao mellor es unha máquina, Silvia, non me estrañaría. Desde que as ánimas en pena chaman ao servizo de información, nada me parece estraño.

SILVIA: As máquinas soñan?

LUISA: Ben mirado, as ánimas en pena sempre chamaron ao servizo de información.

SILVIA: Eu creo que soño, pero non me lembro.

LUISA: Tes o número de teléfono dese home, o que me anda a procurar?

SILVIA: Teño. A ver se o chamas e deixa de tolearnos.

LUISA: Non sei que dicirlle.

SILVIA: Nada, deixa que fale el, é o que quere.

LUISA: O que quere é vinganza.

SILVIA: Perdoa que cho diga, Luisa, pero esa frase non parece túa.

LUISA: Estaba falando polo móbil cando tivo o accidente.

SILVIA: Mal feito.

LUISA: Chameino eu.

SILVIA: Fuches inoportuna, non culpable.

LUISA: Dá gusto falar contigo, Silvia, es tan lóxica.

SILVIA: ...Coma unha máquina.

Quedan caladas as dúas.

LUISA: As máquinas non teñen sentimentos.

SILVIA: Eu tampouco teño tantos, os mínimos para non aburrirme.

LUISA: Ai, mira Silvia, se queres ser unha máquina, por min de acordo. Dáme o número de Xaquín, anda.

SILVIA: Quen é Xaquín?

LUISA: O da man morta.

SILVIA: Toma nota: seis-tres-cinco-dous-nove-tres-oito-nove-cero.

LUISA: Voucho repetir: seis-tres-cinco-dous-nove-tres-oito-nove-cero.

SILVIA: Poucas persoas repiten os números cando llos dan por teléfono. Por iso pasa o que pasa, que axiña os esquecen.

LUISA: Os números son doados de esquecer.

SILVIA: Algunhas persoas tamén.

LUISA: *(Despois dunha pausa)* A verdade, Silvia, é que ás veces metes medo.

SILVIA: Vémonos mañá?

LUISA: Non creo. Cambiáronme para o servizo de reclamacións.

SILVIA: Iso é terrible.

LUISA: Coido que é un castigo, por facer chamadas persoais en horario de traballo.

SILVIA: E a quen chamaches?

LUISA: A Xaquín, o do accidente.

SILVIA: Se queres, reclamo, para que volvas.

LUISA: As máquinas non teñen sentido do humor, nin da amizade.

SILVIA: É verdade. Perdoa.

LUISA: Graciñas polo aviso, Silvia.

SILVIA: Para iso estamos.

LUISA: Agora voume deitar, gardo o teu número e chámote noutro momento.

SILVIA: Eu vou poñerme a facer sudokus. A ver se me entra o sono, que estes días non durmo nada.

LUISA: Cóidate.

SILVIA: Non te preocupes. Andan dicindo que vai haber cambios no servizo de información, que van poñer máis contestadores automáticos e menos persoal. A min non me afecta, eu teño o posto asegurado.

LUISA: Alégrome.

SILVIA: E ti chama ao tipo ese.

LUISA: Xa verei que fago.

Colgan as dúas á vez.

Escena 7

CONTESTADOR AUTOMÁTICO, XOCAS

Soa a mesma música que na escena 1 e na escena 4.

CONTESTADOR: Está vostede chamando...

XOCAS: Estou chamando, estou. Sei que vostede non é Luisa, que nunca máis vou falar con Luisa, a non ser que a casualidade faga que me cruce con ela un día, pola rúa, así, sen pensalo sequera.

CONTESTADOR: ...os sete días da semana...

XOCAS: Estou só. Moito máis só do que estaba antes, e mire que nunca pensei que se puidese estar máis só do que xa estaba.

CONTESTADOR: ...pedimos a súa colaboración...

XOCAS: Collinlle gusto ao de falar co servizo de información. Se cadra, están gravando as chamadas e queda rexistrada nalgún sitio a miña voz. Pareceralle unha parvada, pero así síntome acompañado. Mesmo por unha máquina coma vostede.

CONTESTADOR: ...calquera territorio inexplorado do planeta...

XOCAS: Haberá outros coma min. O mundo é grande. Ningún servizo de información é grande abondo para

almacenar o mundo. Mire, Alberte, por exemplo, desapareceu e non hai maneira de atopalo. Sigo esperando a que se decida a chamarme, agora que lle botei unha man.

CONTESTADOR: ...Permaneza á escoita...

XOCAS: Non teño máis que facer.

CONTESTADOR: Información, dígame?

XOCAS: Luisa?

CONTESTADOR: Por favor, diga o nome e apelidos do titular ou o nome da empresa.

XOCAS: Unha máquina. Hai algo máis triste que falar cunha máquina?

CONTESTADOR: Nome incomprendible. Repita, por favor, vocalizando e con claridade.

XOCAS: (*Vocalizando esaxeradamente e con moita claridade*) Hai algo máis triste que falar cunha máquina?

Córtase a comunicación.

En calquera caso, son só recomendacións, en definitiva pode ir ben calquera música que reflecta o disparate, pero tamén a tristura, a evocación. O drama.

De todas formas, outras opcións que sigan o fío da historia poden ser válidas.